



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### OZA-CESURAS

*Anuncio de aprobación do padrón de subministración de auga no 1º trimestre de 2021 en Oza-Cesuras (zona Oza)*

#### ANUNCIO

**Aprobación do padrón de contribuíntes pola taxa correspondente ao servizo de subministro de auga potable, primeiro trimestre de 2021.**

**(Para o ámbito territorial do antigo municipio de Oza dos Ríos, conforme ao réxime transitorio determinado polo artigo 6.3 do Decreto 83/2013, do 6 de xuño, DOG do 7/7/2013)**

ÓRGANO E DATA DE APROBACIÓN: Xunta de Goberno Local, sesión do 11 de maio de 2021

NORMATIVA REGULADORA E EFECTOS: Artigo 102 e concordantes da Lei Xeral Tributaria e advertencia establecida no artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de verquido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

No relativo ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

PRAZO DE EXPOSICIÓN: 15 días.

Oza-Cesuras, 20 de maio de 2021

O ALCALDE,

Asdo.- José Pablo González Cacheiro

2021/4331